

A XUNTA ENTREGA ALIMENTOS AGROPECUARIOS AO HOSPITAL CLÍNICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO A TRAVÉS DA REDE DE MERCAPROXIMIDADE

- *O reparto de produtos agroalimentarios estase a levar a cabo noutros hospitais galegos, así como en comedores e entidades sociais*
- *Esta compra por parte do Goberno galego ten como obxectivo último contribuír ás economías dos agricultores e gandeiros da comunidade durante o estado de alarma*
- *Dende o pasado 15 de abril, máis de 370 industrias e produtores están adheridos a esta nova rede de distribución, xunto cun total de 10 cadeas de distribución*

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2020.- A Consellería do Medio Rural entrega hoxe ao Hospital Clínico Universitario de Santiago (CHUS) varios quilos de queixos, patacas, tarros de mel, embutidos e carne de tenreira e porco celta. A compra destes produtos agroalimentarios por parte do Goberno galego e a súa repartición lévanse a cabo ao abeiro da rede Mercaproximidade, a canle alternativa de comercialización que ten como fin último contribuír ás economías dos agricultores e gandeiros da comunidade durante o estado de alarma.

Esta doazón súmase as xa levadas a cabo nas últimas semanas a diferentes centros sanitarios como o CHUAC da Coruña, o Lucus Augusti de Lugo, o hospital da Mariña e o de Monforte de Lemos, ademais do CHUOU de Ourense. Ao longo dos vindeiros días, levarase a cabo unha nova cesión ao hospital de Ferrol.

A maiores, a compra de produtos agrogandeiros por parte da Xunta está chegando ás familias máis vulnerables mediante diversas organizacións, como o Banco de Alimentos de Lugo, que distribuíu nas sedes de Cáritas de toda España 100 toneladas de patacas cedidas polo executivo galego. A esta cantidade hai que engadir outras 30 toneladas de tubérculo doadas por un produtor da Asociación de Empresarios, Gandeiros e Agricultores da Limia (Adegal).

Ademais, o Banco de Alimentos de Lugo recibiu máis alimentos por parte da Consellería do Medio Rural, como 2.000 queixos e 2.000 tarros de mel. Tamén a sede de Cáritas en Lugo fará chegar aos colectivos máis desfavorecidos as provisións cedidas pola Xunta estes días, que inclúen mel, patacas, queixos e varias pezas de carne.

Así, a rede Mercaproximidade, a nova fórmula de venda concibida para paliar o peche da hostalaría e os mercados municipais, non deixa de medrar. Dende a súa posta en marcha o pasado día 15 de abril, son máis de 370 as industrias transformadoras e os produtores agropecuarios que se adheriron a Mercaproximidade, para dar saída aos seus produtos. Ademais, tamén colaboran un total de dez cadeas: Gadis, Froiz, Vegalsa-Eroski -cos seus establecementos Eroski e Familia-, El Corte Inglés -cos establecementos Hipercor e Supercor-, Carrefour -cos seus centros Carrefour e Carrefour Market-, Grupo Cuevas -cos seus supermercados Plenus, Aquíé e Aquí-, Lidl, Alcampo, Coviran e DIA.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Non obstante, esta iniciativa permanece aberta a todas aquelas cadeas, empresas de subministración de colectividade e plataformas online que desexen sumarse, co obxecto de axudar aos agricultores e gandeiros galegos durante a emerxencia sanitaria.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL.

